

## **Ecoloxistas en Acción presentou o 12 de maio a nivel confederal a súa campaña escolar sobre usos dixitais.**

- A campaña “escola saudábel, internet só por cable”, considera a escola como axente crave da promoción e protección da saúde, así como da formación socio-ambiental, atendendo ao actual contexto de emerxencia planetaria e hiperdixitalización.
- Responde as alertas científicas e expertas que propoñen a conexión a internet por cable co obxectivo de minimizar a exposición ás radiofrecuencias nas aulas. Da mesma forma apela a regular o acceso e tempos de usos das pantallas atendendo ás etapas de desenvolvemento de nenas e nenos, e a primar a interrelación non dixital na aula entre profesorado e alumnado.
- A campaña afronta como abordar desde a escola as problemáticas asociadas ao proceso de dixitalización das aulas e da sociedade, desde a contaminación electromagnética á contaminación dixital, pasando pola súa problemática ambiental (energívora, afectación climática, extractivismo, ...) e socio-pedagóxica implicada (alteracións na aprendizaxe e o desenvolvemento, adiccións, control social, ...).

A presentación, realizada na sede confederal de Ecoloxistas en Acción («Ateneo La Maliciosa»), foi moderada por **José Manuel Iniesta** (psicólogo infantoxuvenil), e contou coa intervención de dous relatores:

– **Xulio Carmona**, coordinador da Área de Dixitalización e Contaminación Electromagnética de Ecoloxistas en Acción, a nivel confederal e a nivel galego. Xulio introduce [os eixes desta campaña](#) sobre usos dixitais, coa dobre meta da escola como un entorno educativo saudábel e da escola como educadora socio-ambiental e para a saúde no eido dixital, atendendo ás alertas científicas.

– **Javier Zarzuela**, mestre da escola pública da Comunidade de Madrid, membro de **Teachers for Future** e de **Ecoloxistas en Acción**, así como autor do libro: “**STOP TIC INFANCIA. Porque desdixitalizar la escuela**”. Javier [expuxo](#) as investigacións e os datos que mostran o “efecto negativo de las TIC sobre a aprendizaxe, a súa insostíbel pegada ambiental e a malgaste de recursos económicos, materiais e persoais”. Desenvolveu a súa proposta de “desdixitalización da escola e a aposta por contidos e competencias vivenciais, necesarios e urxentes na infancia”.

A moderación do chat e a recollida de preguntas a través do mesmo foi realizada por **María del Mar Rosa** (doutoranda) e **José Caselles** (profesor universitario).

\* Durante a exposición informouse da exclusión social das persoas electrosensíbeis (EHS). Unha das causas que dificultan a participación presencial das compañeiras EHS da área, as cales na súa gran maioría pertencen ao ámbito da docencia.

O debate final, convidou a reflexionar na procura de contornas dixitais apropiados ao desenvolvemento de nenas e nenos, con usos tecnolóxicos biocompatíbeis, éticos e sostíbeis. Devandito debate incluíu unha participación activa de docentes, que compartiron as súas preocupacións e experiencias neste ámbito.

**Nota: Se queres organizar un acto de presentación da campaña no teu centro ou na túa localidade, contacta connosco en:**

**contaminacionelectromagnetica[arroba]ecologistasenaccion.org**